

**IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS**

**ÁREA DE IDENTIFICACIÓN**

**CÓDIGO DA SERIE:** 11-223

**DENOMINACIÓN:**

Expedientes de contratación de obras.

**FUNCIÓN:** Administracións Públicas. Xestión económico-administrativa.

Contratación e xestión económica.

**ÓRGANO PRODUTOR:**

Consellería de Presidencia. Secretaría xeral Técnica

(12-02-1982/ 31-01-1983).

Consellería de Presidencia. Dirección Xeral de Servizos. Subdirección Xeral de Xestión Económica. Servizo de Xestión Financeira

(1-2-1983/18-10-1983).

Consellería da Presidencia. Dirección Xeral de Servizos. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira

---

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

11: Expedientes de contratación de obras





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

(19-10-1983/11-1-1985).

Consellería da Presidencia. Dirección Xeral de Servizos e Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira

(12-01-1985/19-11-1986).

Consellería da Presidencia = Consellería da Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral de Servizos e Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo Orzamentario e de Coordinación Financeira

(20-11-1986/13-05-1988).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral da Inspección Xeral de Servizos e de Coordinación Administrativa. Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa. Servizo de Contratación

(14-05-1988/21-05-1990).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Contratación

(22-05-1990/17-08-1994).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Contratación





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

(18-08-1994/17-12-2001).

Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.  
Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Contratación  
(18-12-2001/03-01-2006).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría  
Xeral. Subdirección Xeral de Contratación. Servizo de Xestión Económica e  
Contratación  
(04-01-2006/21-03-2007).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría  
Xeral. Subdirección Xeral de Contratación  
(22-03-2007/25-05-2009).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría  
Xeral. Subdirección Xeral de Contratación  
(26-05-2009/02-02-2011).

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría  
Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa.  
Servizo de Contratación  
(03-02-2011/07-12-2012).



Arquivo de Galicia

## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa. Servizo de Contratación (08-12-2012/ ).

### **DATAS EXTREMAS:**

1982/

No Arquivo de Galicia. Gaiás: 1985/2004.

### **CARACTERES EXTERNOS:**

CLASE: Textual, figurativo e dixital.

SOPORTE: Papel e informático.

FORMATO: Expediente.

FORMA: Orixinal.

VOLUME: 55 unidades de instalación / 7.8 m.l. (Arquivo de Galicia. Gaiás).

### **DEFINICIÓN DO CONTIDO:**

Expedientes tramitados no proceso de preparación e adxudicación dunha contratación de obras. Enténdese por contrato de obras o celebrado entre a Administración e un contratista cuxo obxecto sexa a construción de bens inmoebles, a realización de traballos que modifiquen a forma ou substancia do terreo ou subsolo e a reforma, reparación e conservación de edificios.

## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

### LEXISLACIÓN:

#### Estatal

Decreto 932/1965, do 8 de abril polo que se publica o texto articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado (BOE núm. 97, do 23 de abril).

Lei 5/1973, do 17 de marzo, de modificación parcial da Lei de contratos do Estado (BOE núm. 69, do 21 de marzo).

Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, de aprobación do regulamento xeral de contratación do Estado (BOE núm. 311, do 27 de decembro).

Real decreto legislativo 931/1986, do 2 de maio, polo que se modificou a Lei de contratos do Estado para adecuala ao ordenamento xurídico comunitario (BOE núm. 114, do 13 de maio).

Real decreto 2528/1986, do 28 de novembro, polo que se modifica o regulamento de contratación do Estado para adaptalo ao Real decreto legislativo 931/86, do 2 de maio, e ás directrices da Comunidade Económica Europea (BOE núm. 297, do 12 de decembro).

Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas. (BOE núm. 119, do 19 de maio).



## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos da Administración pública (BOE núm. 70, do 21 de marzo).

Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995 do 18 de maio, de contratos das administracións públicas (BOE núm. 311, do 29 de decembro).

Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas. (BOE núm. 148, do 21 de xuño).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (BOE núm. 257, do 26 de outubro).

Real decreto 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública (BOE núm. 62, do 14 de marzo).

Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (BOE núm. 28, do 31 de outubro).





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (BOE núm. 118, do 15 de maio).

Lei 34/2010, do 5 de agosto, de modificación das leis 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa para a adaptación á normativa comunitaria das dúas primeiras (BOE núm. 192, do 9 de agosto).

Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible (BOE núm. 55, do 5 de marzo). (Modifica a Lei 30/2007 na disposición final 16).

Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector públicos (BOE núm. 276, do 16 de novembro de 2011).

### **Autonómica**

Decreto 199/1995, do 10 de maio, polo que se crea o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma (DOG núm. 129, 6 de xullo de 1995).





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/1995, do 10 de maio, polo que se crea o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 216, 10 de novembro de 1995).

Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG núm. 136, 14 de xullo de 2006).

Orde do 23 de maio de 2008 pola que se regulan os procedementos para a presentación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, e para a súa devolución, empregando medios electrónicos (DOG núm. 115, 16 de xuño de 2008).

Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependentes (DOG núm. 15, 25 de xaneiro de 2010).

Orde do 12 de febreiro de 2010 pola que se regulan os procedementos do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (DOG núm. 31, 16 de febreiro de 2010).

Orde do 4 de xuño de 2010 pola que se regula a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (DOG núm. 118, 23 de xuño 2010).







## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 28 de xullo de 2010 pola que se aproba o sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia e se regula o seu procedemento (DOG núm. 169, 2 de setembro de 2010).

### **PROCEDEMENTO:**

**Procedemento para os expedientes tramitados de acordo co Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, de aprobación do Regulamento Xeral de Contratación do Estado derogado en 1995 (1982/1995).**

- Fase previa: trámites que deben realizarse para preparar o expediente:
  - Xustificación da necesidade do contrato.
  - Elaboración do proxecto de obras ou, de ser o caso, das bases técnicas á que deba suxeitarse cando é o empresario quen o debe presentar.
  - Cláusulas administrativas particulares.
  - Comprobación da existencia de crédito.
  - Fiscalización da intervención.
  - Aprobación do gasto.
  - Acordo de iniciación.
- Fase de licitación: apertura do procedemento de adxudicación:
  - Publicación do anuncio de contratación nos boletíns oficiais, nos casos en que sexa preceptivo (DOG, BOE e DOUE), dependendo da cantidade a contratar.
  - Recepción e certificación das proposicións.





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Actuacións da mesa de contratación, de ser o caso.
  - Adxudicación.
  - Notificación aos interesados e publicación da resolución de adxudicación nos boletíns oficiais correspondentes (sempre que os contratos sexan superiores a 5 millóns de ptas.).
  - Recepción da fianza.
- Fase de contratación:
    - Formalización do contrato.
  - Fase de execución:
    - Comprobación do “replanteo” do proxecto.
    - Execución.
    - Pagamento (admítense pagamentos parciais durante a execución da obra).
    - Recepción.
    - Medición final e liquidación.

**Procedemento para os expedientes tramitados de acordo cos cambios introducidos pola Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas. Distínguese entre dous tipos de contratos segundo a contía da obra.**

### **1 – Contratos por procedemento aberto, restrinxido ou negociado.**

- Fase previa: trámites que deben realizarse para preparar o expediente:





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Xustificación da necesidade do contrato.
- Elaboración do proxecto de obras.
- Supervisión do proxecto (se é o caso).
- Cláusulas administrativas particulares.
- Comprobación da existencia de crédito.
- Fiscalización da intervención.
- Aprobación do gasto.
- Acordo de iniciación.
- Fase de licitación: apertura do procedemento de adxudicación:
  - Publicación do anuncio de contratación nos boletíns oficiais nos casos en que sexa preceptivo (DOG, BOE e DOUE) dependendo da cantidade a contratar.
  - No caso de procedemento negociado sen publicidade, invitación aos licitadores.
  - Recepción de proposicións e certificación das mesmas.
  - Actuacións da mesa de contratación.
  - Adxudicación.
  - Notificación aos interesados e publicación da resolución de adxudicación nos boletíns oficiais correspondentes.
- Fase de contratación:
  - Recepción da fianza.
  - Formalización do contrato.
- Fase de execución:
  - Comprobación do "replanteo da obra".





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Execución.
- De ser o caso, modificación do contrato [tramítase en expediente á parte].
  - Pagamento (admítense pagamentos parciais durante a execución da obra).
- Recepción.
- Medicións finais e liquidación.

### 2 – Contratos menores.

- Xustificación da necesidade do contrato.
- De ser o caso: proxecto de obras.
- Elaboración do orzamento.
- Comprobación da existencia de crédito.
- Fiscalización da intervención.
- Aprobación e pagamento do gasto facturado.

### DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:

**Para os expedientes tramitados de acordo co Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, de aprobación do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e que será derogado en 1995 (1982/1995).**

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- Proxecto de obras ou, de ser o caso, bases técnicas á que deba suxeitarse cando é o empresario quen o debe presentar.





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos.
- Acta de “replanteo” e certificación da dispoñibilidade dos terreos e da viabilidade do proxecto
- Resolución de aprobación do proxecto.
- Prego de cláusulas administrativas particulares
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito e fiscalización do gasto.
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Resolución de iniciación.
- Anuncio de licitación no boletín oficial correspondente.
- Documentos de pagamento de taxas por inserción en boletíns oficiais.
- Proposicións de licitación e outros documentos presentados polos licitadores.
- Convocatorias da mesa de contratación.
- Actas da mesa de contratación.
- Comunicación aos licitadores da apertura dos sobres.
- Informes técnicos de asesores.
- Acta de adxudicación provisional da mesa de contratación.
- Resolución de adxudicación definitiva do contrato.
- Notificación de adxudicación aos licitadores.
- De ser o caso, anuncio de adxudicación nos boletíns oficiais.
- Certificación da retirada dos documentos presentados coas proposicións por parte dos licitadores.
- Dilixencias de devolución de garantías provisionais.





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Certificado do depósito da garantía definitiva.
- Xustificantes do abono de gastos de publicación nos boletíns oficiais.
- Contrato informado pola Asesoría Xurídica.
- Acta de comprobación do "replanteo".
- De ser o caso, "programa de traballo"
- Certificacións de obra.
- Facturas.
- Acta de recepción provisional.
- Acta de recepción definitiva.
- Liquidación provisional.
- Liquidación definitiva.
- Documentos contables RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.
- Dilixencia da devolución da garantía definitiva.
- Informe proposta de modificación ou prórroga do contrato (de ser o caso).

**Para os expedientes tramitados de acordo cos cambios introducidos pola Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, distínguese entre dous tipos de contratos segundo a contía da obra.**

### ***A. Contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado.***

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- Proxecto de obras ou, de ser o caso, bases técnicas á que deba suxeitarse cando é o empresario quen o debe presentar.





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- De ser o caso, informe de supervisión do proxecto.
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito e fiscalización do gasto.
- Prego de cláusulas administrativas particulares informado pola asesoría e aprobado polo órgano de contratación.
- Resolución de apertura do expediente.
- Anuncio de licitación no boletín oficial correspondente.
- Xustificantes de pagamento de taxas por inserción en boletíns oficiais.
- Proposicións de licitación e outros documentos presentados polos licitadores.
- Convocatorias da mesa de contratación.
- Actas da mesa de contratación.
- Informes técnicos de asesores externos, de ser o caso (unha mesa pode facer o seu propio informe).
- Acta da mesa de contratación coa proposta de adxudicación.
- Resolución de adxudicación do contrato.
- Notificación de adxudicación aos licitadores.
- Anuncio de adxudicación nos boletíns oficiais.
- Certificación da retirada dos documentos por parte dos licitadores.
- Dilixencias de devolución de garantías provisionais.
- Certificado do depósito da garantía definitiva.
- Xustificantes do abono de gastos de publicación nos boletíns oficiais.
- De ser o caso, contrato informado pola Asesoría Xurídica.
- Acta de comprobación do "replanteo".





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Certificado do depósito da garantía definitiva.
- Certificacións de obras.
- Acta de recepción.
- Documentos contables RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.
- Informe proposta de modificación ou prórroga do contrato (de ser o caso) [esixirá a tramitación dun expediente á parte].
- Medicións e liquidacións finais.
- Dilixencia da devolución da garantía definitiva.

### **B. Contratos menores.**

- Informe – proposta do servizo interesado na celebración do contrato.
- De ser o caso, proxecto de obras.
- Orzamento.
- Informe da Intervención Delegada sobre a suficiencia de crédito
- Resolución de aprobación do gasto.
- Factura.
- Documentos contables RC, A, AD, OK, O, K e ADOK.

## **ORDENACIÓN**

Cronolóxica – numérica.

## **INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL**

Bases de datos do Arquivo de Galicia:

- PR-CTD(77-96)94-98







## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- PR130(85-98)99-07act

### ÁREA DE VALORACIÓN

#### **VALOR ADMINISTRATIVO:**

Ademais do prazo de garantía que se estableza en cada prego de cláusulas administrativas particulares e os 4 anos seguintes á finalización do expediente como prazo máximo para a interposición do recurso extraordinario de revisión, debe contemplarse o prazo de 15 anos para a posible reparación de vicios ocultos na obra por parte do contratista a contar desde a recepción (art. 58 da Lei de Contratos do Estado de 1965, 175 do seu Regulamento de 1975, e 148 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, no texto refundido de 2000).

Aqueles expedientes afectados por algún tipo de reclamación ou recurso, non se verán afectados por estes prazos para establecer o seu valor.

#### **VALOR LEGAL-XURÍDICO:**

Deriva do contrato e dos documentos con el relacionados (proxecto, pregos de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas) que ligan á Administración co/s contratista/s e constitúen proba de dereitos e obrigas por ambas as dúas partes. Pódese establecer a súa vixencia tamén





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

nos 15 anos sinalados pola lexislación de contratos para a reparación de vicios oculto na obra por parte do contratista.

### **VALOR INFORMATIVO - HISTÓRICO:**

Si, deixa constancia das obras realizadas pola administración e das empresas adxudicatarias que formaron parte dos procedementos de contratación.

Esta documentación pode ter valor para o estudo do sistema de infraestruturas levado a cabo pola administración e outras obras de equipamentos públicos, así como para a realización de estudos comparativos entre aqueles proxectos adxudicados e aqueles non adxudicados.

**SERIES RELACIONADAS:** Expedientes de visado de proxectos de obras das delegacións dos colexios de arquitectos.

### **SERIES PRECEDENTES:**

### **SERIES PARALELAS:**

### **SERIES SUBORDINADAS:**

### **SERIES DUPLICADAS:**

### **SERIES DESCENDENTES**





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

### **DOCUMENTOS COMPILADORES:**

### **ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:**

### **PRAZO DE TRANSFERENCIA:**

Ao Arquivo central ao ano dende o remate da tramitación do expediente.

Ao Arquivo intermedio/histórico aos 15 anos, os expedientes das obras maiores e os expedientes de obras menores en edificios protexidos.

### **RÉXIME DE ACCESO:**

Libre, con carácter restrinxido aos datos persoais conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (art.º 37) a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (art. 11) e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro que aproba o Regulamento que a desenvolve (art. 27). A reprodución dos proxectos de obras con fins de investigación ou conservación será libre de acordo co artigo 37.1 da Lei de propiedade intelectual (Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril).

A liberalización da súa consulta prodúcese aos 50 anos da data do documento, de acordo coa Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 57).





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

### ÁREA DE SELECCIÓN

#### REFERENCIAS AO DITAMINADO POR OUTRAS COMISIÓNS DE AVALIACIÓN:

Canarias: contratos menores de obras: eliminación total aos 5 anos.

Resto de obras: Conservación total.

Cataluña: conservación permanente dos expedientes de contratos maiores de obras. Os expedientes de contratos menores de obras en edificios protexidos conservaranse permanentemente e os de edificios non protexidos, un prazo de quince anos; unha vez esgotado este prazo, aplicación dunha mostraxe cronolóxica pola cal se conservarán os expedientes dos anos acabados en 0 e 5 ata 1975, e en 1 e 6 dende o ano 1981.

#### PROPOSTA:

Atendendo ao seu valor informativo histórico, e o proposto por outras Comunidades Autónomas, propónse para esta serie unha dobre valoración:

- **Para os contratos menores**, recoméndase facer unha eliminación total no Arquivo Central aos 15 anos, agás os expedientes de contratos menores de obras en edificios protexidos que se conservarán permanentemente.
- **Para o caso dos contratos maiores** propónse a conservación permanente da documentación dos contratos, tras a eliminación aos 5





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

anos da documentación que acompaña ás proposicións e os documentos acreditativos dos licitadores non seleccionados (poderes persoais, estatutos, DNI, CIF, etc.).

- Ademais conservaranse todos os proxectos presentados no proceso de licitación de obras relevantes (polo investimento, impacto na sociedade, carácter arquitectónico, etc.), eliminando os restantes.
- Conservaranse así mesmo aqueles expedientes afectados por algún tipo de recurso ou reclamación no seu día.

### ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Procedemento: existen 3 tipos de tramitación para os expedientes de contratación:

- Ordinaria.
- Urxente.
- De réxime excepcional (en casos de emerxencias).

A diferenza radica principalmente nos prazos para a licitación e adxudicación do contrato.





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

A adxudicación dun contrato de obra require a previa elaboración, supervisión, aprobación e, de ser o caso, reformulación do correspondente proxecto que defina con precisión o obxecto do contrato.

Os contratos de obras celebrados pola Administración poden adxudicarse:

Ata 1986, polos procedementos de poxa, concurso - poxa, concurso e contratación directa. (Os órganos de contratación podían optar polo procedemento de poxa e concurso - poxa cando se trataba de proxectos de obras moi definidos e de execución sinxela de contía inferior a vinte cinco millóns de pesetas. Se os proxectos de obras non reunisen eses requisitos ou o seu orzamento fose superior a esa contía, procedía, con carácter xeral, o de concurso - poxa -artigo 94 do Regulamento xeral de contratación do Estado, Decreto 3410/1975, do 25 de novembro-. O concurso e a contratación directa eran de aplicación nos casos establecidos polos artigo 35 e 37 da Lei de contratos do Estado. **O concurso:**

- Cando non era posible a fixación previa dun orzamento definitivo.
- Aqueles que se referisen á execución de obras que tivesen que presentar os licitadores.
- Aqueles para a realización dos cales facilitase a Administración materiais ou medios auxiliares que esixisen garantías especiais aos contratistas.
- Os que pola súa natureza esixisen aptitudes especiais nos empresarios.

**A adxudicación directa:**





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Cando non fose posible promover a concorrencia na oferta ou en que por circunstancias excepcionais, xustificadas no expediente, non conviñese promovela.
- As obras de recoñecida urxencia como consecuencia de circunstancias imprevisibles que demandasen unha pronta execución que non dese lugar á licitación urxente prevista na Lei, previa xustificación no expediente e acordo do Consello de Ministros.
- As reparacións menores ou de mera conservación.
- As de contía inferior a 1.500.000 ptas.
- As declaradas de notorio carácter artístico de acordo co ditame dos organismos competentes.
- Aquelas en que a seguridade do Estado o esixise e non puidesen realizarse por parte da Administración.
- As de instalación e montaxe de aparellos de faro e sinais marítimas; e en xeral a instalación de instrumentos de control que demandasen unha gran precisión e seguridade, cando os referidos traballos non constituísen o obxecto dun contrato principal de subministro.
- As que non se chegasen a adxudicar por falta de licitadores ou porque as proposicións presentadas non se declarasen admisibles, ou porque o empresario adxudicatario non cumprise as condicións necesarias para a formalización.
- As que tivesen por finalidade continuar a execución de obras de contratos resoltos, cos requisitos e salvedades relacionadas na Lei nos casos do apartado anterior.





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- As que tivesen por obxecto o ensaio ou a experimentación).

Desde 1986 (Real decreto legislativo 931/1986, do 2 de maio), desaparece o procedemento de concurso-poxa, se ben se establece (artigo 34) "que poderá establecerse un trámite de admisión previa..."

Cada unha das formas de adxudicación dos contratos de obras requirían unhas actuacións distintas por parte, de ser o caso, da mesa de contratación:

A) Por Contratación directa.

- Non era necesaria a convocatoria da mesa de contratación.
- Excepto nalgúns supostos, debía consultarse a oferta de polo menos 3 empresas.
- Adxudicación.

B) Por Concurso.

- Apertura das proposicións e comprobación das mesmas.
- Elaboración da proposta de adxudicación.
- Adxudicación polo órgano encargado de verificar a contratación.

C) Por Concurso - poxa.

- Admisión por parte da mesa das empresas interesadas.
- Apertura das proposicións e comprobación das mesmas.
- Adxudicación provisional.

D) Por Poxa.

- Apertura das proposicións e comprobación das mesma.
- Apertura da documentación da empresa.







## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Emenda, de ser o caso.
  - Adxudicación provisional.
- Despois da Lei 13/1995, do 18 de maio, serán polos procedementos aberto, restrinxido ou negociado (este último pode ser con ou sen publicidade). Os termos variaron mais se ve unha continuidade no procedemento a seguir pola/s mesa/s de contratación:

A) Por procedemento negociado. A adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras a selección ou consulta de polo menos tres candidatos

1. Sen publicidade (antiga contratación directa):

- Apertura de proposicións e comprobación das mesmas (neste non é obrigatoria a mesa).
- Emenda, de ser o caso.
- Elaboración de informe técnico.

2. Con publicidade:

- Apertura da documentación administrativa e comprobación da mesma.
- Apertura da documentación técnica e económica e valoración.
- Elaboración do informe técnico.





## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

B) Nos procedementos aberto (calquera empresario) e restrinxido (en atención á súa solvencia) tradicionalmente denominado concurso:

- Apertura da documentación administrativa e comprobación da mesma.
- Apertura da documentación técnica e valoración.
- Elaboración de informe técnico.
- Apertura da documentación económica e valoración.

C) Nos procedementos aberto (calquera empresario) e restrinxido (en atención á súa solvencia) tradicionalmente denominado poxa:

- Apertura da documentación administrativa e comprobación da mesma.
- Apertura da documentación económica e valoración da mesma.

- SELECCIÓN. Expediente tipo:

- 45348-0000: Obras de construción da Sede Comarcal da Xunta en Ordes (Proxecto básico, planos e liquidación).
- 45332-000: Rehabilitación de locais no Pazo de Raxoi.





Arquivo de Galicia

## IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

### ÁREA DE CONTROL

**DATA DE ELABORACIÓN:** novembro de 2011.

**REVISIÓN:** outubro de 2013.

